



## A PROPÓSITO DA TALA NA PRAZA DA CASTAÑA

Na Asociación Pola Defensa da Ría sabíamos polos medios de comunicación que a chamada “praza da castaña”, na rúa Cruz vermella, ía ser remodelada; sabíamos tamén que a proxectada remodelación propuña eliminar os castiñeiros alí existentes e deixar apenas un exemplar no centro da praza. Descoñecíamos eso sí a inmediatez do inicio das obras, o que impediu que esta nota saia á luz pública –como era o desexo da nosa asociación- con anterioridade a un feito que entendíamos podía ter sido evitado: a tala dos castiñeiros da praza.

Vaia por diante que para a APDR a oposición á tala de árbores non supón unha cuestión de principios; que entendemos que en determinadas ocasións, ben polo seu estado sanitario ben polos perigos ou molestias que a súa permanencia poidera causar ás persoas e/ou nos bens materiais, a eliminación de exemplares está xustificada. Dicar tamén que –ao noso entender- o actual deseño da praza da castaña non foi especialmente afortunado, cun número excesivo de árbores para as reducidas dimensións do espazo público existente, e que a remodelación agora acometida semella xustificada. Descoñecemos o proxecto concreto que se vai aplicar agora nesta praza, pero sí consideramos que poida ser máis axeitada a prantación dunha única árbore no seu centro. Pero dito isto, queremos chamar a atención ao goberno municipal sobre o feito concreto da tala dos castiñeiros, unha tala que neste caso consideramos inxustificada e que –por desgraza- non é a única levada adiante nos últimos tempos (lembraremos a tala de choróns na zona de Campolongo) e poida que non sexa a última tampouco. Que razóns obrigarón a acometer a tala nestes casos?. Non era posíbel trasplantar estas árbores a outras zonas nas que a súa presenza fora máis axeitada?. Esa foi no seu día a nosa proposta para os plátanos eliminados na Avda. de Buenos Aires, que agora ocupan un lugar no campus universitario, e esa queríamos que tivera sido tamén a nosa proposta neste caso.

Non se pode esquecer, desde logo, que a chegada dos gobernos BNG-PSOE ao Concello de Pontevedra supuxo un cambio substancial no tratamento das zonas verdes e que o aumento no número de árbores nos espazos públicos da nosa vila é evidente, pero –con todo- convén non esquecer certos aspectos que deberan terse en conta en actuacións futuras e que na APDR consideramos de carácter xeral e que pasamos a enumerar de forma concisa:

- Resulta fundamental á hora de diseñar unha zona arborada, seleccionar especies que se adapten á zona concreta de que se trate (polo seu porte, polas súas necesidades de sol, auga, solo,...) e planificar correctamente o número de exemplares a prantar.
- As zonas arboradas precisan de coidados permanentes, tanto no que fai á aplicación de tratamentos fitosanitarios como das labores de poda e condución axeitadas á especie e á zona que ocupan; moitas talas poderían ser evitadas de terse realizado unha boa planificación destas tarefas.
- Con todo, é posíbel que haxa que acometer nalgún momento a eliminación dalgunha árbore; nese caso, sempre será preferíbel acometer o seu trasprante, polo que haberá que ter en conta esta posibilidade e planificar época de trasprante, novo emprazamento,...

Para a APDR a consideración destes principios posibilitará adoptar un modelo máis racional para o tratamento dos espazos verdes e arborados da nosa vila e axudará sen dúbida a promover a defensa da natureza entre a poboación, moi particularmente á hora de educar aos máis novos na defensa duns valores ambientais que teñen que ser parte fundamental do súa bagaxe ética se realmente aspiramos a un futuro sustentábel e no que a defensa do medio ambiente prime fronte aos criterios puramente economicistas e á especulación.

Pontevedra, 8 de setembro de 2008

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR